Linguas en contacto na bisbarra do Bierzo: castelán, astur-leonés e galego

Alberto Bautista
Romania Minor
<agbtrad@yahoo.es>

Resumo

Na Comarca do Bierzo fálanse tres linguas, dúas delas linguas propias: o galego e o astur-leonés. Consecuencia do antigo contacto lingüístico son as numerosas interferencias e empréstimos que encontramos entre o galego e o astur-leonés. Estes préstamos, calcos e interferencias que se verifican nas diferentes variedades lingüísticas intensifícanse nas zonas onde se deseña a fronteira lingüística, o que se chama xeralmente «chapurreao».

O astur-leonés na comarca do Bierzo, fálase principalmente nos vales de Ribas de Sil, Forniella e La Cabrera. O número de falantes pode andar entre os 2.500 e os 4.000. O dominio lingüístico astur-leonés atópase hoxe disperso na provincia de León, e só fican illas lingüísticas, restos do antigo dominio lingüístico principalmente nas montañas do norte da provincia e en La Cabrera.

Aproximadamente o 50% da poboación que habita na área do Bierzo de fala galega, falan o galego habitualmente. Na última reforma do estatuto da Comunidade Autónoma de Castilla y León incorporouse o recoñecemento do galego como lingua territorial, sen que até o de agora teña repercutido sensibelmente na recuperación da lingua. A situación do galego tamén é preocupante, porén hai algúns dados que nos permiten ser algo mais optimistas.

Palabras chave: linguas en contacto, sociolingüística, castelán, astur-leonés, galego, Bierzo, Castilla y León.

1 Introdución

No territorio que hoxe denominamos Comarca do Bierzo (130.000 habitantes), fálanse tres linguas, dúas delas linguas propias, é dicir, que naceron e se desenvolveron no territorio a partir do latín falado nesta bisbarra e outra que chegou máis tarde como consecuencia da incorporación deste territorio á coroa castelá. Chama moito a atención dos que por aquí pasan que nun territorio moi definido xeograficamente, e cunha identidade tan forte, encontremos en cambio unha diversidade lingüística relativamente rica. Isto se debe entre outros motivos a

Ianua. Revista Philologica Romanica
Vol. 6 (2006): 15–22
ISSN 1616-413X
http://www.romaniaminor.net/ianua/

© Romania Minor

BDD-A5237 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.34 (2026-11-13 23:55:28 UTC)

razóns históricas, económicas, sociais e non só. Por exemplo, os territorios dependentes do mosteiro de Carracedo —que por súa vez dependía de Santiago de Compostela— son hoxe, maioritariamente, de fala galega. No obstante a toponimia denuncia que ao longo dos séculos a fronteira entre o galego e o astur-leonés variou, pero sen grandes alteracións. Por exemplo hai lugares onde actualmente se fala galego cuxos topónimos amosan unha posíbel orixe leonesa. Se ben este aspecto aínda precisa de estudos máis pormenorizados.

Consecuencia do antigo contacto lingüístico son as numerosas interferencias e préstamos que encontramos entre o galego e o astur-leonés, máis tardía, porén, será a incorporación do castelán a este fenómeno que dá diversos resultados nos distintos puntos da comarca. Estes préstamos, calcos e interferencias que se verifican nas diferentes variedades lingüísticas intensifícanse nas zonas onde se deseña a fronteira lingüística, (isto, certamente, contribuíu a que se crease a idea de que estabamos perante linguas mesturadas) o que aquí se chamou e se chama xeralmente «chapurreao» aplicándoo ás diferentes variantes que na verdade eran formas dialectais ben de galego ou ben de astur-leonés. Un ollar atento aos mapas do *Atlas lingüístico del Bierzo* (ALBI) permitiría observar as diferentes áreas lingüísticas existentes en O Bierzo en función do léxico e da fraseoloxía, se ben que —inexplicabelmente— a obra avandita non recolle nos índices nin nos cabezallos dos mapas a entrada en astur-leonés pero si atopamos, como veremos máis abaixo, termos claramente astur-leoneses nos exemplos dados por algúns informantes. Outras das críticas ao ALBI é relativa aos criterios con que os informantes foron seleccionados xa que en zonas onde é sabido que se fala galego ou leonés (por medio doutros estudos) segundo as informacións do ALBI frecuentemente se documentan apenas formas castelás.

Máis de forma xeral o ALBI fornece unha idea aproximada da situación lingüística do territorio bastante próxima da realidade. Vexamos un exemplo:

Do latín LUNA temos os seguintes resulutados seguindo o mapa 48 do volume I do ALBI:

No occidente do Bierzo atopamos, polo xeral, a forma *lúa*, unhas veces con a vogal <u> nasal como en Valouta ou Teixido de Ancares, e sen nasalidade no resto da área galegófona. Nos núcleos urbanos máis importantes rexístrase sempre o termo castelán *luna*, así como en case toda a zona oriental da rexión, se ben que nos cantos Nordeste e Suleste atopamos termos claramente leoneses como en Teixedo del Sil onde aparece o termo *Chuna* ou en Llamas de Cabrera onde se rexistra *Lluna*.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5237 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.34 (2026-11-13 23:55:28 UTC)

2 O galego e o astur-leonés en cifras

2.1 O astur-leonés

É difícil dicir ao certo cuantos falantes fican desta lingua na comarca do Bierzo, fálase principalmente nos vales de Ribas de Sil, Forniella e La Cabrera. Coido que o número de falantes pode andar entre os 2.500 e os 4.000. Esta lingua goza de maior vitalidade na comarca viciña de Laciana, que está bastante vencellada ao Bierzo, tanto que moitos —modernamente— inclúen este territorio na rexión do Bierzo (xa que na verdade o que denominamos por O Bierzo é actualmente unha rexión que abrangue varias comarcas).

O dominio lingüístico astur-leonés atópase hoxe xebrado, temos na realidade por un lado Asturias onde falan Asturiano entre 100.000 e 450.000 persoas (dependendo das fontes) nunha poboación que anda á volta de 1.100.000 persoas.

Por outro lado na provincia de León fican illas lingüísticas, restos do antigo dominio linguístico (e político) principalmente nas montañas do norte da provincia e en La Cabrera, ficando nas zonas planas, no Páramo leonés e na meseta apenas restos principalmente na toponimia e no léxico, fundamentalmente no campo da vida doméstica, os traballos e utensilios do campo, etc.

Na provincia de Zamora aínda hai algúns restos nos pobos próximos da fronteira con Portugal, e xa en Portugal atopamos o Mirandés, lingua pertencente ao dominio lingüístico astur-leonés, que conta con entre 7.000 a 8.000 falantes e que goza dunha certa vitalidade, publícanse en mirandés varios libros todos os anos, e está a se estender o estudo desta lingua no sistema de ensino da zona, alén de existir unha disciplina no pólo da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD) de Miranda, alén doutras iniciativas. Lembrar tamén que o único lugar onde o astur-leonés é lingua oficial é en Portugal. Aínda que a situación alí é mais esperanzadora o mirandés encóntrase tamén nunha situación de risco.

No resto dos locais onde se falou astur-leonés só restan restos na toponimia e algunha cousa no vocabulario.

No Bierzo a situación do astur-leonés é crítica. Non goza de ningún tipo de recoñecemento (nas Asturias polo menos goza de certa oficiosidade) os seus falantes teñen pouca autoestima lingüística, e a transmisión interxeracional e practicamente nula. Non hai ningún colectivo ou institución que os defenda, e para cúmulo de males, nin sequera gozan dun modelo de normalización lingüística razoábel na Comunidade de Asturias, nin dunha TV que emita programas en astur-leonés. Estas razóns unidas a cuestións históricas que explican o porque do desmembramento, retroceso e perda de funcionalidade dunha lingua que foi de reis, e dun reino, que ao ser asimilado por Castela antes de que tivese tempo a lingua de construírse e unificarse como un romance coheso, non chegou a fraguar, non esquezamos que a lingua do rei era tamén a do reino e o reino leonés ao fundirse con Castela foi a lingua de Castela a que predominou, isto explicaría —en parte— porqué o astur-leonés non conseguiu consolidarse. O galego como sabemos correu algo de mellor sorte pois até foi lingua usada (se ben apenas na escrita lírica) na corte de Castela por trobadores de diversas orixes, incluso polo propio Afonso X e foi a lingua dalgúns reis de León.

BDD-A5237 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.34 (2026-11-13 23:55:28 UTC)

Os textos publicados en astur-leonés actualmente na comarca son practicamente inexistentes, se ben que aínda perdura unha literatura oral bastante descoñecida pola maioría dos estudosos na zona de Forniella e Ribas de Sil e principalmente na veciña bisbarra de Laciana.

2.2 O galego

A lingua galega é tamén lingua propia é habitual alén dos lindeiros administrativos da Comunidade Autónoma de Galiza (C.A.G). A C.A.G ten unha poboación de 2.720.445 habitantes dos cales estímase que o 91% é capaz de falar galego, o que non quere dicir que o fagan. Alén dos límites administrativos o galego fálase nas áreas máis occidentais da Comunidade Autónoma de Asturias (C.A.A. ou Principado de Asturias) e nas da Comunidade Autónoma de *Castilla y León* (C.A.C.L) no occidente da Comarca do Bierzo, nos Ancares e nas Portelas, este territorio denomínase, tradicionalmente, Franxa Exterior (ás fronteiras administrativas da C.A.G) ou Franxa Leste. Na primeira, a C.A.A., no seu Estatuto non se fai ningunha referencia á existencia do Galego no Eo-Navia, porén, na última reforma do estatuto da C.A.C.L. incorporouse o recoñecemento do galego como lingua territorial, sen que até o de agora teña repercutido sensibelmente na recuperación da lingua e na restitución dos dereitos lingüísticos dos máis de 25.000 galegofalantes do Bierzo, Ancares orientais e as Portelas.

Calcúlase, por mor da falta de estatísticas e datos oficiais, que na Franxa Leste haxa entre 70.000 a 100.000 falantes, pois as cifras bailan moito dunhas fontes para as outras (isto implicaría que como mínimo o 50% da poboación da Franxa fala galego habitualmente).

Falan habitualmente esta lingua unhas 25.000 a 35.000 persoas, aproximadamente o 50% da poboación que habita na área do Bierzo de fala galega (a Oeste da comarca).

A situación do galego tamén é preocupante, porén hai algúns dados que nos permiten ser algo mais optimistas.

A lingua galega é ensinada hoxe en máis de 12 escolas primarias, tres escolas de ensino secundario e na E.O.I. de Ponferrada. Hai varias organizacións que traballan a reo pola defensa da lingua e cultura galegas da bisbarra, como por exemplo, Fala Ceibe, a Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo —levan mais de 20 anos deleitándonos coa boa música tradicional da comarca, respectan as roupas e instrumentos tradicionais e sempre usan a lingua galega, tamén nos catro números da súa revista, integramente en galego— máis recentemente a asociación Xarmenta ou grupos teatrais e culturais como Vagalume entre outros. Por último restan o Instituto de Estudos Bercianos quen pública libros e algúns artigos en galego na súa revista, e a Mesa para a Defensa da Lingua Galega do Bierzo, hoxe inactiva. É tamén digno de mención o labor de moitos profesores, e algúns políticos de diferentes signos que falan habitualmente en galego, digna de especial mención e a loita pola cooficialidade do galego que decorreu no concello de A Veiga do Valcarce, que declarou o galego lingua oficial do concello durante 6 meses, por unanimidade dos concelleiros. Salientar por último as mocións a favor da lingua galega realizadas no Consello Comarcal (o miniparlamento e

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5237 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.34 (2026-11-13 23:55:28 UTC)

goberno da Comarca).

A pesar da lingua galega estar recoñecida polo Estatuto de Castilla y León desde 1999 trás anos de «silencio administrativo» e o tímido desenvolvemento do ensino da lingua a verdade e que a Junta de Castilla y León, tenta evitar referirse ao galego como lingua propia e xustifican o seu ensino por mor das boas relacións coa veciña Comunidade de Galiza, algúns notábeis da política autonómica tratan aos galegofalantes como colonos, ou din que se fala galego por causa dos galegos emigrados á nosa comarca, negando que o galego naceu tamén na rexión berciana. É verdade tamén que algúns políticos como o Alcalde de Lubián (concello pertencente ás Portelas, Zamora) —Felipe Lubián, electo polo PSOE— e procurador nas cortes ten levado a cabo, xunto con a procuradora berciana tamén do PSOE Rosario Velasco, iniciativas a prol do galego, e que o PP (actualmente no poder autonómico) apoiou a reforma do estatuto para incluír a mención do galego como lingua territorial.

3 Antroponimia, toponimia e identidade

Cando falamos en toponimia estamos a falar da designación que un pobo dá a un local, ben sexa unha cidade, unha aldea, un río (neste caso dicimos hidronimia) ou unha montaña (oronimia), na súa lingua e é, por tanto, un elemento primordial na construción da súa identidade colectiva. Por outra banda, os antropónimos refírense aos nomes de persoa, tamén serven para designar e marcar a identidade, neste caso tanto colectiva como individual dun individuo e do pobo e a lingua ao que este pertence ou coa cal se identifica.

Se tivésemos a posibilidade de inventarmos unha máquina para viaxar no tempo e fósemos a procura da orixe de algunhas palabras poderíamos recuar no tempo até épocas anteriores á chegada dos romanos (e do latín) á península, con palabras como Veiga, tan frecuente no Noroeste da Península Ibérica e tamén na nosa terra, de orixe pre-romana. O mesmo acontece cos antropónimos ou nomes de persoas. Todos eles máis ou menos recentes forman parte do noso patrimonio lingüístico e cultural e tamén do da humanidade e como tal temos o deber (e o dereito) de llo legar ás vindeiras xeracións, actualizado e con toda a plenitude de funcións e riqueza que sexa posíbel, tal como fixeron os nosos pais e os nosos avós coa lingua, as árbores, o mar...

Os topónimos do Bierzo Occidental teñen o seu verdadeiro nome en galego, que é lingua propia e autóctona desta terra, lingua con mais de 1000 primaveras de historia ao lombo, con momentos mellores e peores, e con oito séculos de tradición escrita. Os topónimos son tamén documentos valiosísimos para coñecer a historia da lingua (e non só). Deturpalos ou alteralos caprichosamente ou traducilos para outra lingua ven a ser a mesma cousa que dedicarse a facer *graffitis* nos muros do castelo de Balboa, no de Ponferrada ou nas paredes da Colexiata de Vilafranca do Bierzo.

Se o noso idioma é recoñecido polo Estatuto de Castilla y León como é posíbel que se prohiba colocar placas nas rúas cos seus nomes auténticos, ou a rotulación dos topónimos no seu verdadeiro e xenuíno idioma (no que se crearon)

BDD-A5237 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.34 (2026-11-13 23:55:28 UTC)

nas entradas e saídas das vilas, aldeas, cidades, e tamén, loxicamente, nos mapas?

Non permitir facer isto é non entender que se está prohibir o uso dunha parte esencial dun idioma e dunha cultura, os nomes de lugar e de persoa, negando así a nosa identidade. Ou isto, ou os que pretenden manter (por unha lei incoherente con sigo propia, e refírome á incoherencia do propio Estatuto de autonomía de Castilla y León que recoñece o galego ao tempo que dá como únicos posíbeis topónimos os casteláns) pensan que tanto ten chamarse *George* en vez de Xurxo, ou *Jorge*?

Respeitar os topónimos e antropónimos é, alén de un acto de profundo respecto pola cultura dos outros é un alicerce crucial na construción dun futuro de respecto mútuo e tolerancia entre pobos e culturas nunha Europa multicultural e multilingüística.

4 Conclusión

O futuro do galego e do astur-leonés na comarca do Bierzo pasa por unha maior concienciación por parte da sociedade e dos políticos, por gañar funcións e espazos para o uso destas linguas, pola creación dunha institución que traballe, vele e estude estes idiomas, polo apoio as publicacións nestas dúas linguas (galego e astur-leonés), rotulación dos topónimos nas súas linguas, por unha interpretación mais razoábel do ensino «voluntario». Convén non esquecer que unha das maiores riquezas que ten a comarca do Bierzo, alén do viño e o turismo, son o galego e o astur-leonés, e toda a riqueza cultural a eles vencellada aínda non explotada, non digo que vaia a supor o 15% por cento do P.I.B. da rexión, como supón a lingua castelá no P.I.B. de España, pero si que máis de un se sorprendería dos dividendos que as nosas linguas poderían traer (especialmente se temos en conta a situación económica da rexión berciana e en especial das áreas rurais do Bierzo), pensemos, por dar apenas un exemplo, nas potencialidades do galego, que está dentro do sistema linguístico galego-portugués, lingua a portuguesa, que alén de ser a do país viciño, é falada por mais de 200 millóns de persoas en todo o mundo.

Sopran novos ventos para as linguas en España e en Europa (no convén caer nun optimismo que sería contraproducente e temerario, pero tamén hai que deixar espazo ao optimismo moderado), e sería desexábel e de bo senso, equiparar en dous eixes fundamentas as linguas do estado, no eido xurídico, e tamén recoñecelas tamén territorialmente evitando como acontece até agora que falantes do mesmo idioma no mesmo estado teñen dereitos uns, como os falantes na Comunidade Autónoma da Galiza, e outros ningún, como os falantes da mesma lingua que moran no Bierzo, Eo-Navia e as Portelas. É por tanto necesario atopar o equilibrio entre os dereitos lingüísticos e os individuais, e lembrar que as linguas xa existían antes da Constitución, que son previas a calquera lei, e se algunha lei é feita ignorándoas será a lei a que se ten que adaptar a realidade dos territorios e dos cidadáns e non ao contrario —lembro aquí os casos rechamantes do astur-leonés, do aragonés, do portugués ou do bérber, idiomas completamente desprotexidos e deixados a súa sorte.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5237 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.34 (2026-11-13 23:55:28 UTC)

Tamén é bo lembrar que están a ser pisados os dereitos lingüísticos de uns 40.000 bercianos por mor de medos infundados a nacionalismos que aquí simplemente non existen. É de recibo aplicar de contado a Carta Europea das Linguas e cesar na tentativa de, por mor de comodidades administrativas, tentar varrer do mapa a dúas minorías lingüísticas, sen dúbida incomodas para algúns, pero tremendamente enriquecedoras e ricas culturalmente. Están en xogo principios fundamentais en democracia, como o respecto pola diferenza e a tolerancia, pois nunha sociedade uniforme e monolingüe sería fácil ser tolerante pois non habería nada que tolerar.

Por último gustaríame deixar unha preguntas no aire, que gañamos coa desaparición do galego e o asturo-leonés?

Referencias

Academia de la Llingua Asturiana. 2001. *Gramática de la llingua Asturiana*. Oviedo: Academia de la Llingua Asturiana.

Cunha, C.; Cintra, L. 1984. *Nova gramática do português contemporâneo*. Lisboa: Edições Sá da Costa.

Fernández Rei, F. 1990. *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.

Ferreiro, M. 1997. *Gramática histórica galega; II Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laiovento.

———. 1999. *Gramática histórica galega; I. Fonética e Morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Frías Conde, F.X. 1999. *O galego exterior ás fronteiras administrativas*. Xixón: VTP.

Freixeiro Mato, X. R. 1998. *Gramática da lingua galega III; Semántica*. Vigo: A Nosa Terra.

Garcia y Garcia, J. 1994. *Pueblos y ríos bercianos*. Ponferrada. [Edición de autor]

Gauss, K.M. 2001. *Europeos en extinción*. Barcelona: Poliedro.

Gómez Bautista, A. 2004. «Algunhas notas sobre a lingua galega da Franxa Leste». *Madrigal* 7:45–48.

Hagège, C. 2002. *No a la muerte de las lenguas*. Barcelona, Buenos Aires, México: Paidós.

Moura Neves, M.H. De. 2000. *Gramática de usos do português*. São Paulo: UNESP.

Seco Orosa, A. 1999. «O trazado da fronteira do galego na provincia de León». *Estudios Bercianos* 24:32–47.

Tusón, Jesús. 1990. *Mal de linguas*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.

BDD-A5237 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.34 (2026-11-13 23:55:28 UTC)

VV.AA. 1996. *Atlas lingüístico de El Bierzo (ALBI)*. Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos.

VV.AA. 1999. *Estudios de sociolingüística románica; linguas e variedades minorizadas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5237 © 2006 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.34 (2026-11-13 23:55:28 UTC)